

A hand pointing upwards with a network diagram overlay. The background is a solid blue color. A hand is shown in a light blue tone, pointing upwards with the index finger. Overlaid on the hand and background is a network diagram consisting of several circular nodes connected by thin lines. Each node contains a small silhouette of a person. The nodes are arranged in a roughly circular pattern around the hand.

Plan Dixital

CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA

[Versión 1.0 - 19 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Centro: CEIP Plurilingüe Manuel Murguía.
- Enderezo: Rúa Obradoiro, nº 11. C.P.:15190. Feáns (A Coruña).
- Teléfono: 881960763.
- Correo electrónico: ceip.manuel.murguia@edu.xunta.gal.
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelmurguia/>.
- Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria.
- Nº alumnado: 147 (datos do curso 2021/22).
- Nº profesorado: 15 mestres/as, das cales unha é itinerante (mestra de PT). Ademais o orientador, a mestra de Relixión Católica e a de Evanxélica son igualmente itinerantes, tendo outros centros base.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O CEIP Plurilingüe Manuel Murguía está situado en Feáns, pertencente ao concello de A Coruña e limitando co concello de Arteixo, unha área urbanizada e costeira. A pesares de atoparse nunha cidade, ten características propias dunha zona rural como as edificación próximas ao centro, cultivos, etc. Ademais está preto do polígono industrial de Pocomaco. A zona conta cunha gran rede comercial e social, posuíndo xardíns, parques infantís, centros educativos públicos e privados, escolas infantís, centro de saúde, centros cívicos ou polideportivo, entre outros.

A zona de escolarización comprende o lugar de Feáns e os de Mesoiro, así como parte da Zapateira ou a urbanización Breogán, aínda que asiste alumnado doutras zonas, coma do poboado xitano das Rañas.

Referíndonos ás familias, na súa maioría gozan dun nivel socioeconómico medio, teñen estudos primarios ou secundarios e nunha baixa porcentaxe universitarios. Están empregadas principalmente no sector secundario da industria e no terciario dos servizos. A colaboración das familias, en xeral é bastante favorable, amosándose colaboradoras e participativas no proceso educativo dos seus fillos. A lingua predominante do alumnado e coa que se comunica a meirande parte das familias é o castelán, habendo certa presenza do galego, aínda que con menor porcentaxe.

Contribución ao proxecto educativo de centro

A estratexia dixital no centro debe estar recollida no proxecto educativo, segundo o artigo 121 da LOE-LOMLOE. O Plan Dixital de centro enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais, tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Por esa razón, debe ser un instrumento que se integre no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual.

É imprescindible dotar ao Plan Dixital dun enfoque de centro sobre o uso dos recursos pedagóxicos dixitais dispoñibles para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, de modo que se convirta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.

Contribución á Programación Xeral Anual do curso 2022/23

O Plan Dixital servirá para incorporar na Programación Xeral Anual do vindeiro curso os obxectivos que se sinalarán máis adiante. O novo plan servirá para acadar dunha forma máis sistemática as finalidades que tiñamos planificadas en cursos anteriores:

- Mellorar a competencia dixital docente.
- Incrementar a competencia dixital do alumnado.
- Aproveitar ao máximo o equipamento tecnolóxico do centro.
- Manter actualizados os sitios web, aula virtual e outras plataformas corporativas.
- Difundir as novas do centro a través de todas as canles tecnolóxicas das que dispoñemos.

Relación con outros plans

O centro participou no presente curso no programa “**Nós tamén creamos**”. Este é un programa de promoción da adquisición, uso e valoración da lingua galega na aula por medio da creatividade e da incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación ás aulas. A través de “Nós tamén creamos” elaborouse un traballo en equipo que tivo como produto final dúas curtametraxes en galego coa técnica “stopmotion”, a partires dun álbum ilustrado. O programa serviu para incidir na mellora da **alfabetización audiovisual**, tanto do alumnado como do profesorado participante.

Nun futuro próximo queremos promover nas nosas aulas **prácticas de investigación e experimentación** a través de **retos tecnolóxicos** nos que o alumnado deba manexar tecnoloxías como a realidade virtual, robótica, creación audiovisual, impresión 3D... Estamos en proceso de organización deste proxecto e, de ser posible, solicitarase a participación na convocatoria de **Polos creativos**.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos precisan dun Plan Dixital actualizado, que oriente as súas prácticas educativas en relación coa competencia dixital docente e do alumnado, e que sirva para rentabilizar ao máximo os recursos técnicos e tecnolóxicos dos que dispón.

Atendendo ao artigo 111 da **LOMLOE**-Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (**LOE**), as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (**TIC**) na aula, como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe.

Implantaranse **contornas virtuais de aprendizaxe**, que deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo, permitindo ao alumnado acceder desde calquera sitio e en calquera momento a ditas contornas.

Ademais, velarán polo **acceso** de todos os estudantes a recursos dixitais necesarios, establecendo condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar de situacións de risco derivadas da pouco axeitada utilización das TIC, con especial atención a situacións de violencia na rede.

Como xa se comentou, a estratexia dixital no centro debe estar recollida no proxecto educativo, segundo o artigo 121 da citada **LOE-LOMLOE**.

Por outra banda, a disposición adicional quinta da **Resolución de 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, trata do Plan Dixital de centro, especificando que *“os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten”*.

Para informar especificamente sobre a realización do plan contamos coa **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/22. Esta Resolución é a que se seguiu para a realización deste plan, partindo dunha análise da situación do centro por medio do informe SELFIE e o test de Competencia Dixital Docente (CDD), facendo unha diagnose da situación e procedendo ao deseño e elaboración do Plan Dixital.

1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital foi elaborado durante o curso 2021/22 a través dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) no que participou o equipo directivo do centro e a coordinación do equipo de TIC.

O procedemento de elaboración seguiu estes pasos, marcados na resolución do 3 de setembro de 2021, citada anteriormente:

1º. Realización dunha **análise da situación do centro** a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e o Test de Competencia Dixital Docente.

- **Informe SELFIE:** Permittiunos realizar a diagnose da situación en relación á competencia dixital, obtendo un informe de autoavaliación do centro.
- **Test de Competencia Dixital Docente (CDD):** Permittiunos obter un informe individual coa valoración global do nivel competencial de cada un dos mestres/as do centro.

2º. A partir do informe SELFIE, o grupo de formación elaborou outro coas **Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO)**, que posteriormente nos permitiu definir as liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

Así mesmo, o informe individual CDD permitirá ao longo do tempo avaliar o avance nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital. Por outra banda, algunhas das accións que incorporamos nas táboas de obxectivos, van encamiñadas precisamente á mellora de certos aspectos de uso da tecnoloxía educativa nos que se detectaron carencias.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.1.1. Infraestrutura dixital do centro:

Por infraestrutura dixital enténdese o conxunto de actuacións impulsadas pola administración para dotar aos centros educativos públicos das condicións de conectividade tanto internas como externas, necesarias para o desenvolvemento do seu labor:

- **Infraestrutura de datos (conectividade a internet).** Varias dependencias do centro dispoñen de conexión a internet por cable, se ben non todas as aulas posúen o cableado para ter rosetas con conexións RJ45. Na planta superior está o router principal para o acceso inalámbrico a internet, habendo nas outras plantas varios puntos de acceso inalámbricos (AP), buscando que non queden “zonas escuras” en ningunha dependencia. Aínda así, nalgunhas aulas a conexión é moi lenta, e debería ser mellorada.
- **Infraestrutura de voz (telefonía).** O centro dispón de dúas liñas telefónicas no primeiro andar, unha delas cun terminal telefónico e outra con dous. Ambas utilizan a tecnoloxía de telefonía IP.
- **Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede:** O centro conta cun sistema de radio escolar instalado no primeiro andar, en Dirección e na aula de apoio, con altosfalantes distribuídos tanto polos pasillos do edificio como polo patio.

2.2.2. Equipamento dispoñible e usos:

A continuación listamos o equipamento dispoñible e a identificación dos usos segundo as seguintes categorías:

- Aulas dixitalizadas.
- Equipos de xestión e administración.
- Uso na biblioteca.
- Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos.
- Equipos portátiles dotados pola Consellería (fenda social tecnolóxica).
- Aulas de informática
- Dispositivos móbiles (iPads).

AULAS DIXITALIZADAS - EQUIPOS INFORMÁTICOS

UBICACIÓN	TIPO	MARCA	USO
3 Aulas de infantil e 6 aulas de Primaria	Equipos informáticos de sobremesa	Dell (na súa maioría)	<p>Uso por parte do profesorado e alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentación de contidos web (textual, audiovisual...) - Utilización de procesadores de texto e outros programas de ofimática. - Uso de programas de maquetación (online ou offline). - Elaboración de produtos audiovisuais. - Simulacións. - Charlas online por videoconferencia. - ...

AULAS DIXITALIZADAS - PROXECTORES

UBICACIÓN	TIPO	MARCA	USO
3 Aulas de infantil e 6 aulas de Primaria	Proxectores	Epson (na súa maioría)	Proxección dos contidos traballados desde o equipo informático.

AULAS DIXITALIZADAS - ENCERADOS DIXITAIS

UBICACIÓN	TIPO	MARCA	USO
1 aula de infantil e 5 aulas de Primaria	EDI ou dixitalizador de superficie	SmartBoard (na súa maioría)	<p>Proxección de contidos.</p> <p>Manexo do equipo informático desde o encerado dixital.</p> <p>Resolución de actividades interactivas.</p> <p>Nota: Dúas aulas de Infantil e unha de Primaria <u>non</u> dispoñen de encerado dixital.</p>

EQUIPOS DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN			
TIPO	MARCA	UBICACIÓN	USO
Fotocopiadora cor	Toshiba	Conserxería	Profesorado do 1º andar e administración.
Fotocopiadora cor	Toshiba	Sala fotocopiadora	Profesorado do 2º andar.
Impresora 3D	da Vinci 1.0 pro	Biblioteca	Polo momento este recurso non ten un uso específico.
1 posto con PC e 2 con ordenadores portátiles e periféricos básicos	Varias	Despacho do equipo directivo	Uso dos labores de dirección, xefatura de estudos e secretaría.

USO NA BIBLIOTECA			
TIPO	MARCA	UBICACIÓN	USO
PC e periféricos básicos	Dell	Biblioteca	Profesorado encargado da biblioteca. Préstamos e devolucións.
Canón proxeccionador	Epson	Biblioteca	Proxección en charlas frecuentes que se realizan na biblioteca.
Encerado dixital interactivo	SmartBoard. Serie 600	Biblioteca	Ten un uso limitado, ao non estar o canón colgado de forma fixa.

EQUIPOS PARA USO NA SALA DE PROFESORADO E DEPARTAMENTOS

UBICACIÓN	TIPO	MARCA	USO
Sala de mestres	PC e os seus periféricos básicos	Dell	Consultas do profesorado.
Departamento de Orientación	PC e os seus periféricos básicos	Dell	Uso por parte do Orientador do centro.
Aula de PT/AL	Equipo Portátil	Dell	Uso por parte do profesorado de PT e AL e o alumnado que acude a esta aula.
Aula de Música	PC e os seus periféricos básicos	Dell	Uso por parte do mestre de música.
Aula de Relixión	PC e os seus periféricos básicos	Dell	Uso por parte do profesorado de relixión e alumnado que asiste a esta aula.

EQUIPOS PORTÁTILES DOTADOS POLA CONSELLERÍA (FENDA SOCIAL TECNOLÓXICA)

TIPO	MARCA	UBICACIÓN	USO
10 equipos portátiles	Acer TravelMate Spin B3	Aula de informática	Ata o momento o uso estivo limitado ao préstamo de posibles familias en risco de fenda social tecnolóxica. Esta necesidade non xurdiu, polo que estes equipos non están en uso.

AULA DE INFORMÁTICA

TIPO	MARCA	USO
15 PC e os seus periféricos básicos (un deles é o do profesor)	Varios	Uso por parte do alumnado para consultas, realización de probas na aula virtual...
PDI	SmartBoard Serie 600	Uso por parte do profesorado e alumnado usuario da aula de informática.
Canón proxector	Epson	Proxección dende o equipo do profesor.

DISPOSITIVOS MÓBILES (Tablets iPads)			
TIPO	MARCA	UBICACIÓN	USO
8 Tablets	iPad Wi-Fi 32 Gb MP2GTY/A A1822	Dirección	<p>Profesorado e alumnado.</p> <p>Conectividad sen cables.</p> <p>Traballo por parte do alumnado de pequenos proxectos.</p> <p>Proxectos audiovisuais.</p> <p>Gravación de eventos.</p>
1 Tablet	iPad Wi-Fi 32 Gb MP2GTY/A A1822	Dpto. Orientación / AL e PT	Uso por parte do profesorado de PT e AL co alumnado ao que atenden.

2.2.3. Servizos dixitais educativos

A continuación cítanse os principais espazos virtuais que serven de apoio á docencia ou como canle de comunicación entre a comunidade educativa:

Webs dinámicas: Páxina web (Drupal): A páxina web ten como obxecto dar a coñecer o centro (ubicación, instalacións, persoal, documentos de centro...). Nela mantense actualizada toda a información en referencia a aspectos de secretaría (admisión de alumnado, axudas...). Ademais, dende este servizo web están ligados os enlaces a outros sitios relacionados coas actividades escolares (blogs de aula e de biblioteca, ANPA, redes sociais, entidades coas que colabora o centro...)

Webs dinámicas: Aula virtual (Moodle): A aula virtual dá cabida a tres tipos de espazos:

- Aulas virtuais dirixidas ao alumnado e á súa aprendizaxe.
- Espazos dirixidos ao profesorado para facilitar a súa coordinación docente e compartir recursos.
- Espazos dirixidos a toda a comunidade. Estes espazos estarán abertos a convidados para a súa libre consulta.

Dentro do equipo TIC existe unha persoa responsable da xestión de usuarios, creación e organización de espazos virtuais, asesoramento e resolución de incidencias.

Redes sociais (Facebook e Instagram): As canles de difusión social teñen como obxectivo reforzar a comunicación do centro co resto da comunidade educativa, especialmente as familias. A vantaxe deste tipo de plataformas é a posibilidade de suscripción e recepción inmediata de notificacións de novas publicacións na páxina web.

Antes da subida de imaxes, verificarase que o alumnado posúe a correspondente autorización de imaxe.

Servizos web non corporativos: O centro dispón dunha conta de correo non corporativa que se utiliza como medio para poder identificarse nas redes de difusión social e noutros servizos web que permiten enriquecer as novas da páxina institucional ou das redes sociais do centro.

2.2.4. Xestión do mantemento do equipamento.

Unha das funcións da persoa coordinadora das TIC é o **mantemento cotián dos equipamentos informáticos** do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.

Existe un **libro de incidencias** a través do cal o profesorado comunica por escrito os problemas co equipamento informático ou dispositivos do centro. Cando o problema é atendido e/ou resolto, recóllese dita solución no mesmo libro, o cal permite facer un seguimento da atención técnica. O parte de incidencias recollerá polo menos os seguintes datos: data, persoa que ten a incidencia, localización e

observacións sobre a incidencia. Este último apartado recollerá o máis detalladamente posible todos os datos que se coñezan da avería (localización exacta, frecuencia do erro, solucións descartadas...) co fin de que a persoa que trate de resolvela teña, antes de pasar pola aula, o maior coñecemento posible da incidencia.

Así mesmo, persoa coordinadora TIC (coa colaboración dos membros do equipo TIC e en coordinación co equipo directivo) ocuparase do **mantemento dos sitios web e aula virtual do centro**: actualización e mantemento dos diferentes espazos da aula virtual, incluída a xestión de usuarios.

2.2.5. Ligazóns a protocolos do centro relacionados coas TIC

- [Plan de continxencia](#).
- [Plan de ensino virtual](#) (curso 2020/21).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A continuación presentamos unha táboa co resumo das puntuacións obtidas en cada área do informe de autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,6
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	2,9
	Alumnado	3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,8
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apolo e Recursos	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	4,1
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	2,8
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,2

Así mesmo, incluímos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén reflectimos o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	13	76,9 %
PROVISIONAL	1	2	50 %
INTERINO			
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,9	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	61,7	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Prim.	88,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	5	38,5 %
B1	3	23,1 %
B2	5	38,5 %
C1		
C2		
TOTAL	13	100 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C2. Existen dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza, tales como robots ou impresora 3D.</p> <p>C8. O centro dispón de dispositivos dixitais para a aprendizaxe do alumnado, tales como tablets ou equipos portátiles enviados pola Consellería, co fin de usar de forma puntual por parte dun ou varios alumnos dunha aula cando o necesita.</p> <p>C14. O centro posúe un aula de informática con 14 equipos informáticos fixos, dispoñibles baixo reserva tres días á semana.</p> <p>Outras:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O centro dispón de posibilidades económicas para invertir en equipamento. - Todas as aulas dispoñen dunha dotación tecnolóxica mínima (pc, canón proxector e pantalla dixital) 	<p>C3. Sistema de rede inalámbrica. Existen zonas no centro que non conectan á WIFI e algunhas aulas non teñen RJ45.</p> <p>C2. Reposición e mantemento do equipo dixital. Algúns dispositivos resultan insuficientes para o traballo co alumnado a de nivel aula, como por exemplo o número de tablets.</p> <p>C5. Necesidade de establecer un sistema efectivo de comunicación e resolución de incidencias.</p> <p>C14. O centro posúe espazos limitados para a creación de recunchos especificamente tecnolóxicos, pois estes espazos son compartidos con outras actividades docentes (relixión, aula de cociña...).</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>E1. O profesorado busca recursos dixitais en liña.</p> <p>E4. O profesorado usa tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro.</p> <p>F4. O noso profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais que implican ao alumnado.</p> <p>F6. Existen pequenos proxectos interdisciplinares a nivel centro nos que se integran as tecnoloxías (elección da música de saída a través de votacións na aula virtual, Proxecto de Vida activa e deportiva utilizando follas de cálculo...)</p> <p>Outros. Estabilidade do profesorado do centro. A maioría ten unha boa competencia dixital.</p>	<p>G1. Apenas se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>O alumnado ten posibilidade de acceso a dispositivos fóra do centro.</p>	<p>H. Escasa formación do alumnado no uso de aplicacións sen axuda.</p> <p>Cómpre deseñar unha formación específica sobre seguridade en internet para o alumnado.</p>
	FAMILIAS		<p>Baixa competencia dixital dalgunhas familias.</p>
	OFERTA	<p>Entre as actividades extraescolares ofertadas polo centro, está a de Informática.</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A3. Existe un apoio ao profesorado para que explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p>	<p>A1. Falta unha estratexia dixital ben definida.</p> <p>Outras: No centro utilízanse numerosas aplicacións externas (Instagram, Facebook, Telegram, Box, Drive, Blogger, Servizos Gmail, Zoom...) coas conseguíntes dificultades para a xestión da información e os perigos en canto á protección de datos.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A administración aposta pola ensinanza dixital e podería ter presuposto para mellorar o material/equipamento do centro nos próximos cursos.	
	LEXISLACIÓN		C7. A normativa é moi clara e estricta en base á protección de datos, pero a administración non ten ferramentas para atallar ou facer fronte a moitas das necesidades TIC dos centros que poidan substituír a aplicacións externas de calidade e facilidade de uso.
	CONTORNA	Nos fogares dispónse de dispositivos dixitais destinados ao ocio do alumnado.	
	ANPA	A ANPA ten un alto grado de implicación e está aberta á colaboración en todo tipo de proxectos. Entre as actividades extraescolares ofertadas pola ANPA, está a de Informática.	
	OUTRAS ENTIDADES	Existe apertura para establecer canles de colaboración con outros centros e entidades da contorna.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas a continuación, cada curso escolar o Plan de Acción debe ter en conta os recursos materiais e humanos cos que contará ese ano académico, establecendo as modificacións e actualizacións oportunas.

Os obxectivos propostos deben supoñer unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O Plan de Acción foi elaborado partindo da análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades detectadas no centro. A partir deste DAFO establecéronse as **áreas prioritarias** e determináronse os **obxectivos** que queríamos conseguir. Estes obxectivos están contextualizados en áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg e cumpren as características de ser específicos, medibles, acadables, relevantes e axustados a un marco temporal.

Áreas prioritarias de mellora	OBXECTIVOS
Área C Infraestrutura e equipamento	Aproveitar e rentabilizar ao máximo o equipamento tecnolóxico do centro.
Área D Desenvolvemento profesional continuo	Fomentar a participación do profesorado en actividades de desenvolvemento profesional continuo.
Área G Prácticas de avaliación	Dar a coñecer entre o profesorado varias alternativas de avaliación con tecnoloxía.
Área H Competencias dixitais do alumnado	Crear e difundir propostas educativas a nivel de centro que involucren ao alumnado no uso con tecnoloxía.

Para cada un destes obxectivos, determinouse ata onde queremos chegar e con que elementos. Esta información repórtana os **indicadores** e os seus valores de partida e de chegada.

Posteriormente, seleccionáronse as **accións** para conseguir cada obxectivo, elixíronse as persoas **responsables** das mesmas, acordouse unha **temporización** e determináronse os **recursos** necesarios.

Toda esta información vén recollida nunha táboa por cada obxectivo. A mesma táboa empregarase para facer o **seguimento** de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Área/s de mellora: C - Infraestrutura e equipamento			
Obxectivo 1	Aproveitar e rentabilizar ao máximo o equipamento tecnolóxico do centro.		Acadado
Responsable	Equipo TIC e Equipo Directivo.		Non acadado
Indicador/es do obxectivo	<ul style="list-style-type: none"> % do profesorado que acude á formación inicial sobre o protocolo de reserva e uso da aula de informática e das tablets. Nº grupos (a partir de 2º Primaria) acuden unha vez ao trimestre á aula de informática a realizar algún tipo de actividade dixital. Nº grupos fan uso das tablets unha vez ao mes. 		
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> Non se fai ningún tipo de formación inicial en relación ao uso dos espazos e tecnoloxía do centro. Dous grupos acuden á aula de informática unha vez ao trimestre. Tres grupos de primaria fan uso de tablets un mínimo de tres veces ao trimestre. 		
Valor previsto e data	<ul style="list-style-type: none"> O 100% do profesorado acude á formación inicial sobre o protocolo de uso da aula de informática e tablets. Todos os cursos a partir de 2º Primaria acuden unha vez ao trimestre á aula de informática a realizar actividades dixitais. Todos os cursos fan uso das tablets unha vez ao mes. 		20/06/2023

Accións a desenvolver						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Revisión e optimización do funcionamento dos ordenadores e tablets do centro.	Equipo TIC	30/09/2022	Revisados pola responsable TIC coa axuda do equipo TIC e da UAC/asesor Abalar, de ser o caso.	Posta en funcionamento do equipamento do centro.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realización dunha formación inicial do protocolo de uso da aula de informática e protocolo de uso das tablets.	Coordinación TIC	27/09/2022	Tempo reservado ao inicio de curso para unha sesión formativa co claustro.	Verificación de que a totalidade de mestres/as do centro acudiron á formación.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Valoración trimestral do uso da sala de informática e das reservas das tablets.	Coordinación TIC	Ao final de cada trimestre.	Folla de reserva de aula de informática e folla de reserva de tablets.	Verificar que todas as aulas de Ed. Primaria fan uso do equipamento.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: D - Desenvolvemento profesional continuo			
Obxectivo 2	Fomentar a participación do profesorado en actividades de desenvolvemento profesional continuo.		Acadado
Responsable	Coordinador TIC.		Non acadado
Indicador/es do obxectivo	<ul style="list-style-type: none"> • Creouse un espazo na aula virtual con titoriais, consellos, boas prácticas... relacionadas co uso da tecnoloxía en educación. • % do profesorado informado das novidades que se suben a este espazo a través do foro de novas e dunha relación de cursos relacionados coa tecnoloxía ofertados pola Rede de Formación do Profesorado. 		
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> • O centro non dispón de ningún espazo na aula virtual con titoriais, consellos, boas prácticas... relacionadas co uso da tecnoloxía en educación. • Non se informa actualmente ao profesorado das novidades que se suben a este espazo a través do foro de novas. • Non se informa por canles oficiais ao profesorado dos cursos relacionados coa tecnoloxía ofertados pola Rede de Formación do Profesorado. 		
Valor previsto e data	<ul style="list-style-type: none"> • Creouse un espazo na aula virtual con titoriais, consellos, boas prácticas... relacionadas co uso da tecnoloxía en educación. • 100% do profesorado é informado das novidades que se suben a este espazo a través do foro de novas e dunha relación de cursos relacionados coa tecnoloxía ofertados pola Rede de Formación do Profesorado. 		20/06/2023

Accións a desenvolver						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Difusión da oferta formativa da Rede de Formación do Profesorado relacionada co uso de tecnoloxía.	Coordinación TIC. Equipo directivo.	30/09/2022	Canle de difusión do equipo directivo.	A totalidade do profesorado recibiu información sobre os cursos de formación relacionados coa tecnoloxía.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación dun espazo na aula virtual con titoriais, consellos, boas prácticas dirixido ao profesorado para a súa consulta. Matriculación de todo o profesorado do centro.	Equipo TIC	20/06/2023	Aula virtual.	Existe na aula virtual unha serie de recursos relacionados coa competencia dixital do profesorado.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: G - Prácticas de avaliación			
Obxectivo 3	Dar a coñecer entre o profesorado varias alternativas de avaliación con tecnoloxía.		Acadado
Responsable	Equipo TIC		Non acadado
Indicador/es do obxectivo	<ul style="list-style-type: none"> % do profesorado de Ed. Primaria asistiu á/s sesión/s de formación sobre avaliar con tecnoloxía. % do profesorado de Ed. Primaria utilizou nalgún momento do ano escolar algún método de avaliación con tecnoloxía. Nº de espazos na aula virtual con videotutoriais relacionados con ferramentas de avaliación con tecnoloxía. 		
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> Non se fai ningún tipo de formación inicial en relación á avaliación con tecnoloxía. O 10% do profesorado de Ed. Primaria utiliza nalgún momento do ano escolar algún método de avaliación con tecnoloxía. Non existe un espazo na aula virtual con videotutoriais relacionados con ferramentas de avaliación con tecnoloxía. 		
Valor previsto e data	<ul style="list-style-type: none"> O 85% do profesorado de Primaria asistiu á/s sesión/s de formación sobre avaliar con tecnoloxía. O 50% do profesorado de Primaria utilizou durante o curso algún método de avaliación con tecnoloxía. Creouse un espazo na aula virtual con videotutoriais sobre ferramentas de avaliación con tecnoloxía. 		20/06/2023

Accións a desenvolver						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Formación do profesorado no uso de instrumentos de avaliación de Moodle (foros, probas, rúbricas) e outras ferramentas externas.	Coordinación TIC	1ª sesión de formación: 30/09/2022. 2ª Sesión de formación: 31/01/23	Reserva de tempo os luns para levar a cabo dúas sesións formativas.	O profesorado coñece as posibilidades da aula virtual e doutras ferramentas externas para avaliar os procesos de ensino - aprendizaxe.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación dun espazo na aula virtual para a recompilar guías, titorias, etc sobre o uso de Moodle.	Coordinación TIC	30/09/2022	Plataforma Moodle.	O profesorado accede a este espazo para resolver dúbidas relacionadas coa avaliación con tecnoloxía.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Creación de banco de preguntas compartido de diferentes materias e ciclos.	Coordinación TIC e profesorado de Ed. Primaria.	20/06/2024	Plataforma Moodle.	O profesorado crea bancos de preguntas. A coordinación TIC organízalos na aula virtual para compartirse.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H - Competencias dixitais do alumnado.			
Obxectivo 4	Crear e difundir propostas educativas a nivel de centro que involucren ao alumnado no uso de tecnoloxía.	Acadado	
Responsable	Coordinación TIC e outros equipos docentes (actividades complementarias, Dinamización da lingua galega...).	Non acadado	
Indicador/es do obxectivo	<ul style="list-style-type: none"> Nº de actividades a nivel de centro na que a participación do alumnado demande algún tipo de uso coa tecnoloxía. Acadouse unha participación do % do alumnado en cada unha das actividades. 		
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> 1 actividade a nivel de centro na que a participación do alumnado demande algún tipo de uso coa tecnoloxía (<i>votación sintonía saída</i>). Menos do 20% do alumnado implicado nas actividades tecnolóxicas. 		
Valor previsto e data	<ul style="list-style-type: none"> Crear un mínimo de tres actividades a nivel de centro na que a participación do alumnado demande algún tipo de uso coa tecnoloxía. Acadar unha participación do 50% do alumnado en cada unha das actividades. 	20/06/23	

Accións a desenvolver						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO1.1: Deseño dunha actividade por trimestre en colaboración cos diferentes equipos docentes.	Equipo TIC e coordinacións dos diferentes equipos.	30/09/2022	Aula virtual e outras ferramentas dixitais.	Deseñouse unha actividade cada trimestre relacionada coas TIC e con algún aspecto curricular ou complementario a nivel de centro.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Difusión entre a comunidade escolar da actividade dunha forma atractiva.	Equipo directivo, equipo TIC e responsable das RRSS.	Valorarase ao remate de cada actividade.	AbalarMóbil e outras.	As actividades difundíronse a través das RRSS e/ou AbalarMóbil.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Acceso á aula virtual desde as titorías para promover a participación.	Titores/as.	Valorarase ao remate de cada actividade.	Equipos informáticos da aula.	As titorías proporcionaron o tempo e recursos necesarios para que o alumnado participara coa tecnoloxía nas actividades propostas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación presentamos as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, **establecendo en cada caso a finalidade** para a que se precisan ditas melloras.

3.2.1. Infraestrutura dixital do centro

Necesidade	Material que o faría posible	Usos
En ocasións os dispositivos móbiles perden a conectividade, esixindo sair con eles ao pasillo para a reconexión.	Repetidores Wi-Fi máis potentes	Búscase garantir unha conectividade máis estable en todas as aulas do centro. Tamén sería oportuno ampliar a cobertura WiFi en zonas do exterior do edificio, para levar a cabo proxectos educativos (ecoescola, vida activa e deportiva...).
Precisamos que a gravación dos programas da radio escolar teña unha mellor calidade. Ademáis precisamos gravar coas mellores condicións de comodidade para o alumnado (especialmente os máis pequenos).	Micrófonos inalámbricos de solapa.	Radio escolar. Gravación de audiovisuais. Gravación de conmemoracións do centro para a posterior difusión.

3.2.2. Equipamentos dispoñibles.

A) Aulas dixitalizadas

Necesidade	Material que o faría posible	Usos
Temos algunhas aulas que non posúen encerado dixital interactivo, e algunha con dixitalizador de superficie, que perde o sinal con moita frecuencia.	Encerados dixitais interactivos ou monitores interactivos multitáctil.	Dotar todas as aulas co material tecnolóxico mínimo. Os monitores interactivos permitirían o traballo colaborativo de varios alumnos/as ao tempo, algo especialmente interesante na etapa de Educación Infantil.
A iluminación dalgúns canóns é bastante deficiente, perdendo moita calidade na proxección. Actualmente temos un canón que continúa sen funcionar a pesar do cambio da lámpada.	Lámpadas de substitución. Novos proxectores.	Dotar todas as aulas co material tecnolóxico mínimo.

Necesidade	Material que o faría posible	Usos
<p>Os equipos informáticos teñen máis de 10 anos, os seus procesadores están obsoletos e teñen pouca memoria gráfica e RAM.</p> <p>A maioría carece de conexións actuais e necesarias para certos dispositivos, como é a conexión HDMI.</p>	<p>Equipos informáticos actualizados con procesadores máis potentes e máis memoria de traballo.</p>	<p>Uso habitual en aulas coa posibilidade de traballo multitarefa e/ou con editores de imaxe, son ou vídeo de forma fluída.</p>

B) Biblioteca

Necesidade	Material que o faría posible	Usos
<p>Non existe na biblioteca a posibilidade para consulta dixital, ao haber só un equipo informático de uso exclusivo para a persoa encargada da biblioteca.</p>	<p>Equipos ultraportátiles ou dispositivos móbiles (tablets).</p>	<p>Consulta de recursos dixitais, traballo da alfabetización informacional na propia biblioteca.</p>

C) Aula de informática

Necesidade	Material que o faría posible	Usos
<p>Os equipos informáticos teñen máis de 10 anos, os seus procesadores están obsoletos e teñen pouca memoria gráfica e RAM.</p> <p>A maioría carece de conexións actuais e necesarias para certos dispositivos, como é a conexión HDMI.</p>	<p>Equipos informáticos actualizados con procesadores máis potentes e máis memoria.</p>	<p>Uso habitual en aulas coa posibilidade de traballo multitarefa e/ou con editores de imaxe, son ou vídeo de forma fluída.</p>

D) Dispositivos móbiles

Necesidade	Material que o faría posible	Usos
8 iPads para nove grupos (algúns serán de 25 alumnos/as) non chegan para as actividades que pretendemos realizar.	Aumento do número de iPads, de prestacións similares ou superiores. O ideal sería chegar a ter unha por alumno/a (25 unidades).	Traballo individual en aula (consultas, tarefas e probas de avaliación na aula virtual, entre outras). Posibilidade de traballo en parellas en dúas aulas simultaneamente.
Temos varios proxectos a través dos cales o alumnado grava vídeos explicativos de procesos de aprendizaxe. O son é moi mellorable e nalgúns casos é preciso volver gravar os audios por enriba da imaxe para obter unha calidade mínima, co dobre traballo que isto supón.	Micrófonos para os dispositivos móbiles (tablets).	Creacións audiovisuais para diferentes proxectos educativos (stopmotion, canle de cocíña saudable, representacións teatrais de diferentes etapas históricas...), entre outros.

E) Outros

Necesidade	Material que o faría posible	Usos
Queremos promover nas nosas aulas prácticas de investigación e experimentación a través de retos tecnolóxicos nos que o alumnado manexe tecnoloxías como a realidade virtual, robótica, creación audiovisual, impresión 3D...	Kits de robótica Material eléctrico (placas, receptores, sensores, compoñentes e-textiles...) Dispositivos móbiles (tablets).	Proposta de pequenos proxectos mensuais nos que resolver retos tecnolóxicos adecuados á cada idade.

4. Avaliación do plan

Coa finalidade de realizar o seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, ao longo do curso realizaranse reunións periódicas do equipo de TIC, encargado dos tipos de avaliación especificados a continuación.

No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final**, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Ao inicio de cada curso escolar, o claustro, e en especial o profesorado de nova incorporación, será informado das liñas básicas e obxectivos do Plan Dixital, así como as accións que repercutan dalgún modo no labor docente ou formativa do profesorado.

Así mesmo, os membros do consello escolar coñecerán as liñas prioritarias definidas no plan a través da concreción dos obxectivos da Programación Xeral Anual en relación coas TIC, que deberá ser aprobada neste polos seus representantes.

Finalmente, as familias e toda a comunidade escolar poderá consultar o Plan Dixital través da páxina web do centro. No momento no que estea aprobado, darase difusión a través de AbalarMóbil.